



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE BAIONA PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DA ARRIBADA DA CARABELA PINTA 2017

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar co Concello de Baiona o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de xuño de 2017.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto** establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Baiona, para a o apoio á celebración do 524 aniversario da Arribada da Carabela Pinta, que se levará a cabo os días 3, 4 e 5 de marzo de 2017, por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

Que esta festa posiciónase coma o evento mais adecuado para dar a coñecer o turismo náutico e deportivo xa que durante a súa celebración organízanse probas con motivo da Arribada, entre as que destaca a *Regata del Descubrimiento* celebrada en 1972 con máis de 3500 millas de recorrido y con una participación de máis de 70 barcos de distintos países.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.





Así mesmo ten entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.

Segundo.- O concello de Baiona, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ten competencias en materia de turismo, realizando para iso diversas actuacións entre as que cabe destacar a Festa da Arribada da Carabela Pinta, declarada de interese turístico internacional no ano 2015.

Terceiro.- Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Cuarto. A través deste convenio, outórgase ao Concello de Baiona unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Mª Elena Barca Ramos

